

O Concello de Oza-Cesuras cumpre co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO do 27 de abril de 2016 (RGPD) e Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD), así como a normativa vixente en cada momento, velando por garantir un correcto uso e tratamento dos datos persoais do usuario.

É por isto que, a presente Política de Privacidade ten como obxecto informar achega do tratamento de datos de carácter persoal que, o Concello de Oza-Cesuras, efectúa neste sitio web, sede electrónica e en calquera das súas subdominios, microsites e/ou aplicacións móbiles.

A persoa titular será informada, con carácter previo á recollida dos seus datos, dos extremos xerais regulados nesta política conforme aos seguintes aspectos:

1. Quen é o responsable do tratamento dos teus datos persoais?

O responsable dos teus datos é o CONCELLO DE OZA-CESURAS.

CIF: P1500029B

Dirección postal: Lois, 33 – 15388, Oza-Cesuras, A Coruña

Teléfono: 981 792 000

Email de contacto: correo@concellodeozacesuras.es

2. Para que tratamos os teus datos persoais?

Os datos que nos facilitas, así como calquera outros xerados durante o desenvolvemento da relación coas persoas usuarias, podémolos tratar para distintas finalidades en función dos servizos municipais que sexan obxecto de prestación e, en todo caso, para manter o contacto e a comunicación con estas.

No seu caso, finalidades máis explícitas e concretas poden indicarse nas cláusulas informativas incorporadas en cada unha das vías de toma de datos (formularios web, formularios en papel, locuciones ou carteis e notas informativas) para supostos concretos.

A relación actualizada das actividades de tratamento que o CONCELLO DE OZA-CESURAS leva a cabo atópase dispoñible na seguinte ligazón ao Rexistro de actividades de tratamento.

3. Cal é a base xurídica que lexitima o tratamento dos teus datos persoais?

O tratamento dos datos dos usuarios realízase no cumprimento de obrigacións legais que corresponden ao Concello de Oza-Cesuras, o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos, a protección de intereses vitais, a execución dun contrato, e/ou pode estar tamén baseada no consentimento das persoas interesadas, que haberá de ser prestado mediante unha clara acción afirmativa. Cando o tratamento se base no consentimento o interesado, este terá dereito a retiralo en calquera momento.

4. Por canto tempo conservamos os teus datos persoais?

Os teus datos persoais serán conservados durante non máis tempo do necesario para os fins do tratamento correspondente, salvo que deban conservarse con fins de arquivo en interese público, fins de investigación científica ou histórica ou fins estatísticos, e ata que se cumpriu o prazo de prescrición de posibles responsabilidades nadas do tratamento.

De modo que o prazo de conservación dos teus datos persoais dependerá do especificado para cada tratamento, así como o establecido na normativa de arquivos e documentación.

5. A quen lle podo comunicar os teus datos persoais?

Os datos que nos proporcionas poderán ser comunicados a terceiras entidades para o cumprimento de fins directamente relacionados con funcións lexítimas de persoa cedente e persoa cesionaria, como ás entidades ou organismos aos que exista obrigación legal de realizar comunicacións de datos, entidades ou organizacións públicas ou privadas coas que cheguemos a acordos para desenvolver proxectos sociais, culturais ou deportivos ou acordos de colaboración, etc.

6. Cales son os teus dereitos en protección de datos e como podes exercelos?

Podes exercer os teus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición ao teu tratamento, portabilidade e limitación dos teus datos, así como a non ser obxecto de decisións baseadas unicamente no tratamento automatizado dos seus datos, cando procedan, mediante escrito acompañado do DNI do interesado ao Concello de Oza-Cesuras, dirixido ao Rexistro Xeral; ante calquera dos puntos de rexistro de entrada do Concello, ou por correo electrónico á dirección electrónica facilitada previamente. Este correo só funciona a efectos de información ou consulta.

O exercicio dos dereitos en materia de protección de datos ha de presentarse en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Igualmente poderás formular reclamacións ante a Axencia Española de Protección de datos: <https://www.aepd.es/>

7. Cales son as nosas medidas de seguridade?

O Concello de Oza-Cesuras é consciente da preocupación do usuario pola seguridade, por iso optou por implementar os niveis de seguridade adaptado aos riscos das operacións de tratamento para o adecuado funcionamento, funcionalidades e dos seus servizos a Web, preservando a integridade e seguridade dos datos e informacións almacenadas co fin evitar a perda, alteración ou acceso non autorizado, tendo en conta do estado da tecnoloxía, natureza, alcance, fins e contexto dos datos almacenados e os riscos aos que estean expostos xa proveñan da acción humana ou de medio físico ou natural.